

JORIS-KARL HUYSMANS

A contrafío

Traducido por Isabel Soto



Hugin e Munin

I

Decorreron máis de dous meses denantes de que Des Esseintes puidese mergullarse no silandeiro repouso da súa mansión de Fontenay; compras de todo tipo obrigárono a deambular aínda un tempo por París, percorrendo a cidade dun extremo a outro.

Cantas esculcas emprendera, a cantas meditacións se entregara antes de confiarlles a súa vivenda aos decoradores!

Había tempo que se tiña por un experto na verdade e nos matices que ofrecían as tonalidades. Noutroira, cando recibía mulleres na casa, aviara un salón no que, no medio duns pequenos mobles esculpidos en pálida madeira de alcanforeiro do Xapón, e baixo unha sorte de carpa de satén rosa das Indias, as carnes adquirían suaves cores coas luces artificiais que filtraba o tecido.

Esta estancia, na que uns espellos se reflectían entre si e multiplicaban até moi lonxe ringleiras de gabinetes rosas nas paredes, fora célebre entre as prostitutas novas, que gustaban de impregnar a súa nudez naquel baño encarnado e tépedo, aromatizado polo recendo a menta que emanaba da madeira dos mobles.

Mais, deixando a un lado os beneficios deste afectado ambiente que parecía transfundir sangue novo baixo as peles murchas e luídas polo uso habitual dos albaiaides e polo abuso da vida nocturna, Des Esseintes, nesta

lánguida atmosfera, experimentaba pola súa conta ledicias particulares, praceres que tornaban extremos ao se activaren dalgunha maneira polos recordos de aflicións pasadas e de contrariedades esquecidas.

Así, por odio e por desprezo á súa infancia, colgara no teito deste cuarto unha pequena gaiola de prata onde un cortón encerrado grilaba coma se estivese entre as cinzas das chemineas do castelo de Lourps. Cando escoitaba ese canto, tantas veces oído naqueles seráns ineludibles e mudos cas da nai, todo o abandono dunha mocidade dolorosa e reprimida se arremuiñaba ante el, e entón, mentres sentía as convulsións da muller que acariñaba con indiferenza e cuxas palabras e risos rompían a visión e o traían de socato á realidade do salón, á terra, unha grande axitación sacudía a súa alma, e nacía nel unha sede de vinganza polas tristuras aturadas no pasado, unha incontrolable carraxe por barnar con ignominias as lembranzas familiares, un furioso devezo de azazar sobre coxíns de carne, de esgotar, até as derradeiras pingas, as máis vehementes e agres loucuras carnaís.

Outras veces, cando o fastío o esmagaba, cando durante o tempo chuviñoso do outono o invadía a aversión pola rúa, pola casa, polo ceo ateigado de bulleiro amarelo, polas nubes coma de macádam, refuxiábase naquel curruncho, abaneaba lixeiramente a gaiola e miraba como se proxectaba até o infinito no xogo dos espellos, até que os seus ollos atordados se decataban de non era a gaiola a que se movía, senón a estancia a que vacilaba e xiraba inundando a casa dun valse rosa.

Pasado o tempo, no momento no que xulgou preciso singularizarse, Des Esseintes tamén creara mobiliarios fastosamente estrafalarios. Dividira o salón nunha serie de nichos decorados de maneira diversa pero susceptibles

